

DELICIOSA MARTHA



Tít. orixinal: Bella Martha
Ano: 2000
Duración: 107 min.
País: Alemaña
Dirección: Sandra Nettelbeck
Guión: Sandra Nettelbeck
Música: Keith Jarret, Arvo Pärt, David Darling
Fotografía: Michael Berti
Reparto: Martina Gedeck, Sergio Castellitto, Maxime Foerste, Sibylle Canonica, Katja Studt, August Zirner, Idil Ürner, Oliver Broumis, Ulrich Thomsen
Productora: Bavaria Film International
Xénero: Comedia
Para tódolos públicos

Sinopse: Martha, unha encantadora cociñeira apaixonada pola súa profesión, realiza verdadeiras obras de arte culinarias nun pequeno restaurante de Hamburgo. Aínda así, a súa vida é bastante monótona: é introvertida, non ten practicamente vida social e vive unicamente para o seu traballo. A súa vida cambiará cando se faga cargo da súa sobriña, Lina, logo do accidente da súa nai. Soamente a presenza de Maio, os seu novo compañeiro italiano de traballo, porá un pouco de ledicia e pasta nas súas vidas.

Deliciosa Martha

por José Ramón Ayllón

(tomado de <http://www.locoporelcine.com/>)



“Eu prefiro asalo”. Martha ten trinta e tres anos e está tombada sobre un diván. Se a miras dende arriba, como fai a cámara, verás o óvalo branco da súa cara enmarcado por un cabelo castaño que flota, moi longo, cara a dereita. E lembrarás a Venus de Boticelli. Estalle contando unha receita de cociña a un home mozo e serio que escoita con desgana e inicia un breve diálogo:

- *Martha, ¿Por que ven vostede a verme tódalas semanas?*
- *Porque a miña xefa díxome que me despedirá se non sigo unha terapia*
- *¿E por que cre que a súa xefa díxolle iso?*

Entón Martha encóllese de ombros, abre os brazos e, coa mirada e a voz máis inocentes do mundo, desarma ó psicólogo e comeza a cautivar ó espectador:

- *Pois..., non sei. Non teño nin idea.*

Despois vémosla na cociña dun restaurante, entre unha ducia de homes e mulleres de branco, que cociñan ou serven aos clientes. Todos diríxense a ela, e ela responde, ordena, coordina. Porque Martha é a chef do restaurante de Frida, un dos mellores de Hamburgo. Parécenos meticulosa e perfeccionista, celosa do segredo das súas receitas exquisitas, alagada por unha clientela que se desfai en eloxios. Sabe que é a mellor e nunca baixa a guarda: está en tódolos detalles, manexa os ingredientes, as porcentaxes e os tempos, e controla unha endiablada loxística capaz de atender á vez corenta e sete cubertos.

Logo está a música: no restaurante e na película. Cancións italianas cun ritmo insistente e pegadizo que desborda ledicia. Ou o susurro apagado do violín e do baixo, que parecen tocados sobre as cordas máis sensibles do teu propio corazón para subraiar unha morte inesperada, unha separación

dolorosa, a soedade de Martha. Porque Martha vive soa e está soa. Non ten amigos. Ten sabedoría culinaria para dirixir un restaurante exquisito, pero na película queda claro que a coordinación do traballo meticuloso e esixente dun grupo de persoas require outro tipo da sabedoría. Ademais de competencia profesional, precisa competencia humana: algo así como un talante tecido de esixencia e flexibilidade, perspicacia e comprensión, confianza e diálogo. Porque traballar é convivir, e a convivencia sempre pide acompañar sentimentos, limar asperezas, esquecerse un pouco dun mesmo e porse na pel dos colegas, asumir dalgunha maneira os seus problemas.



Martha tende a ser inflexible e cortante, desconfiada e suspicaz. Nin admite erros nin se llos permite.

Tampouco encaixa a máis pequena crítica, pois crese perfecta. Así, todas as súas receitas son

sabrosas, pero ela mesma resulta un prato difícil de tragar e dixerir. Diríase que todo o que Martha sabe de cociña descoñéceo do corazón humano e de sí mesma. Ou tal vez non, porque Martha sofre a falta duns amigos e un amor. Pero non sabe sair da súa torpeza afeitiva. Anque gustaríalle amar e ser amada, soamente sabe representar o papel do ourizo que vai á súa bola. E por iso precisamente cae ben ao espectador. Na súa dolorosa inmadurez, na súa torpeza no manello dos sentimentos propios e alleos, no seu papel de muller independente, que cambiou o seu corazón por un manual de cociña, forte e fráxil á vez, Martha resúltanos conmovedora e deliciosa, como o título exacto da súa película. Os seus días con como unha parábola sobre algúns aspectos típicos da vida moderna, sobre o traballo e as relacións humanas, sobre os sentimentos e a necesidade de amar. Por iso, as súas imaxes e diálogos, envoltos nunha música magnífica, din moito ó que dirixe unha empresa e ó que é dirixido, ó que debe educar aos seus fillos e ó que é educado, ao profesor e aos seus alumnos.

Ao final, ¿Que é o que necesita esta muller moza? Non parece que o psicólogo, que a escoita con cara de aburrimiento infinito, vaia aportar algo. Martha necesita darse de morros con alguén tan bo na cociña como ela, pero alegre e divertido, sinxelo e locuaz, que saiba cantar e contar un chiste, falar de fútbol e de música, escoitar e comprender. Martha necesita a Mario, e iso é o que tamén nos relata guionista e directora desta deliciosa película, *Deliciosa Martha*.